

Campionato Comarcal de Campo a Través

Dentro da "Actividade Deportiva en Idade Escolar", para este curso de 2002-2003, organízanse as dúas probas de nivel comarcal de acordo coas seguintes

NORMAS XERAIS

1.- Habará dúas probas: unha Preparatoria o día **16 de Decembro** e a proba Comarcal eliminatoria o día **27 de Xaneiro**.

2.- Categorías:

Benxamín (masculino e feminino) nados nos anos 1995 e 1994.

Alevín (masculino e feminino) nados nos anos 1993 e 1992.

Infantil (masculino e feminino) nados nos anos 1991 e 1990.

Cadete (masculino e feminino) nados nos anos 1989 e 1988.

3.- Participación.

Na proba preparatoria poderán participar tódolos rapaces que se inscriban.

Nesta proba non haberá clasificación por equipos.

Tódolos participantes levarán o seu correspondente dorsal (no peito) de entre os asignados con anterioridade que están en poder de cada centro.

Tódolos nenos participantes deberán estar dados de alta na Mutualidade Deportiva correspondente. Os delegados de cada clube ou colexio serán portadores das follas amarelas dos trípticos que acreditan a súa inscrición na dita mutualidade. (En caso de ser necesaria asistencia médica será moi útil ter á man a folla amarela correspondente)

4.- Inscricións

As inscricións faranse por escrito, en impresos separados por categoría. Deberán ser enviadas a:

Jesús Barrio Valencia

Rúa do Mercado, 2 - 4º E 32001-Ourense	Colexio Público Carretera de Parada do Sil s/n LUINTRA - Nogueira de Ramuín 32160-Ourense
jbarriov@edu.xunta.es	

antes do xoves día 12 de Decembro. Canto antes mas mandedes, mellor.

Nas inscricións deberá facerse consta-lo número de afiliación á Mutualidade de cada participante, segundo o impreso adxunto.

5.- Clasificación.

Na proba Preparatoria haberá os seguintes trofeos: medalla para os seis primeiros clasificados.

Na Proba Comarcal repartiranse medallas para os tres primeiros de cada categoría e copas para os tres equipos mellor clasificados de cada categoría.

6.- Lugar e Horario das Probas

O percorrido será o mesmo que en anos anteriores

Proba Preparatoria: Día 16 de Decembro

Lugar: Zona Recreativa de Monterrei

Horario e distancias:

CATEGORÍA	DIST.	PERCORRIDO
BENXAMÍN FEMININO	800	1 v. Pequena
BENXAMÍN MASCULINO	800	1 v. Pequena
ALEVÍN FEMININO	1200	1 v. Mediana
ALEVÍN MASCULINO	2200	1 v. Peq + 1 v. grande
INFANTIL FEMININO	1700 m	1 volta grande
INFANTIL MASCULINO	3000	2 voltas grandes

7.- Transporte

Cada colexio contactará cos mesmos transportistas que utilizaron no curso pasado. É importante insistir en que traian a factura o mesmo día da proba para que poidan abonarlla neste mesmo ano. (Lembrede que as contas da xunta van por anos naturais e en caso de non contar en decembro coa factura deste ano, tardarían máis en cobrar)

8.- Observacións

Co fin de evitar erros na confección das clasificacións e facilitar o desenvolvemento das probas insistídelles ós rapaces que:

- Non deben transitar polo recorrido no transcurso das carreiras, e se deben cruzar que o fagan rapidamente e con precaución.
- Deben leva-los dorsais no peito ben prendidos de xeito que non se reviren por efecto da velocidade dificultando así a súa lectura na liña de meta e no paso polos controis.
- Cando entren na liña de meta deben colocarse en fila ata que se lles tome nota do dorsal, entendendo que a carreira está xa finalizada e que, polo tanto, non deben adiantar postos na fila para evitar seren penalizados.
- Sería moi de agradecer que fagades letra moi clara nas follas de inscrición co fin de evitar erros nos listados.